

ACTA NÚM. 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO-A MEDIO EN INSTALACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

Proceso selectivo: 1 técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos _ Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

No Centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 10:00 h do día 27/11/2025, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 Técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos_SNGX do Concello de Rianxo, segundo as bases e aprobación do Tribunal aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025 coa seguinte composición:

Presidenta: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I):

Vocal: Carlos Ces Ozores, enxeñeiro en informática (I)

Vocal: Enrique Manuel López González, Técnico de medio ambiente (II)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

A Presidenta inicia a sesión ás 10:10 horas.

Ás 10:26 horas iníciase a proba práctica de xeito individual; a cada aspirante requíreselle que amose a documentación de identificación antes do acceso á sala na que se vai realizar a proba.

Preséntanse as 5 persoas aspirantes que presentaran a documentación no Rexistro Xeral.

Unha vez dentro explícaselle a cada aspirante o establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e como se vai desenvolver tanto a proba da oposición como a fase de concurso. Para superar a oposición, que terá carácter eliminatorio, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Tamén se lles indica que, aquelas que non presentaran os documentos xustificativos do coñecemento da lingua galega, deberán realizar a exposición nela para que o tribunal poida facer a valoración do seu coñecemento.

A realización das probas remata ás 14:10 horas.

O tribunal decide valorar como APTO no coñecemento de galego a Adrián Romero García, despois da realización da súa proba práctica.

O resto das persoas aspirantes xa presentaran os xustificantes do coñecemento de galego xunto co resto da documentación.

O tribunal decide rematar a sesión e reunirse novamente o día 02/12/2025, ás 09:30 horas, para rematar as valoracións das probas prácticas e facer as valoracións do concurso, en función da documentación presentada polas persoas aspirantes, así como a valoración global do proceso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:15 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.